

trados para efectos fiscais, en funcionamento, e cun número de empregados igual ou inferior a cincuenta, que sufrisen danos de calquera natureza nas edificacións, instalacións ou bens de equipamento afectos á actividade empresarial como consecuencia da situación de emerxencia ou de natureza catastrófica.

2. As axudas previstas neste real decreto destinaranse á reconstrución dos edificios e das instalacións industriais, comerciais e de servizos que sufrisen danos, á reposición dos seus utensilios, do mobiliario e doutros elementos esenciais, ben como ás existencias e produtos propios da actividade empresarial.

3. Será requisito imprescindible que o titular do establecemento teña contratado póliza de seguro en vigor no momento de se produciren os feitos causantes, e que o dano se producise por algún risco non incluído no seguro de riscos extraordinarios ou na cobertura ordinaria da póliza de seguro.

Artigo 28. *Contía das axudas.*

1. Para paliar os danos en establecementos industriais, comerciais e de servizos determinados no artigo 27, concederase até un importe máximo de 8.000 euros, sen que, en todo caso, a suma desta subvención e a indemnización que corresponda aboar en concepto de seguro, ou calquera outra subvención ou axuda pública ou privada, supere o valor do dano ou perda producida.»

Disposición transitoria primeira. *Tramitación de procedementos anteriores.*

Os expedientes de concesión de axuda pendentes de tramitación e resolución na data de entrada en vigor deste real decreto tramitaranse e resolveranse de acordo coas disposicións do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, na redacción vixente até a data de entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Documentación complementaria.*

Así mesmo, en canto non se produza o desenvolvemento regulamentario a que fai referencia a disposición derradeira primeira deste real decreto, no que atinxe aos danos producidos en establecementos industriais, mercantís e de servizos, ben como aos causados en elementos comúns de comunidades de propietarios, as subvencións que se deban conceder outorgaranse con base nos danos valorados polo Consorcio de Compensación de Seguros, e na demostración da titularidade do solicitante.

Disposición transitoria terceira. *Aplicación retroactiva do réxime de axudas.*

Sen prexuízo do establecido na disposición transitoria primeira, o réxime de axudas regulado neste real decreto será de aplicación aos sucesos de carácter catastrófico acaecidos en todo o territorio nacional desde o 1 de outubro de 2006 até a data de entrada en vigor desta norma.

Para estes efectos, os beneficiarios que, en virtude dos novos requisitos establecidos para obter tal condición, se poidan acoller ás axudas reguladas neste real decreto, poderán presentar as súas solicitudes de subvención dentro do prazo de dous meses, contado desde a data da súa entrada en vigor, sendo este prazo de aplicación tanto aos interesados que non formularon solicitudes con anterioridade, ao abeiro do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, como a aqueles outros en cuxos procedementos xa se tiver ditado resolución expresa.

Así mesmo, para aqueles procedementos pendentes de resolución na data de entrada en vigor desta norma, derivados de feitos comprendidos no período determinado no parágrafo primeiro desta disposición, serán de aplicación directa os requisitos establecidos neste real decreto, sen que o interesado deba presentar nova solicitude a este respecto.

Disposición derogatoria. *Derrogación de normas anteriores.*

Queda derogado en todos os seus termos o Real decreto 692/1981, do 27 de marzo, sobre coordinación de medidas con motivo de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario e habilitación de desenvolvemento.*

O ministro do Interior, no prazo de tres meses contados desde a publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado», e co informe previo do Ministerio de Economía e Facenda, ditará unha orde de desenvolvemento na cal se determinará a documentación que se deberá presentar para os efectos de comprobar, tanto a existencia do feito causante e do dano subvencionable, como o cumprimento dos requisitos que deben reunir os beneficiarios.

O ministro do Interior, por proposta da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, poderá ditar as instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de abril de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
ALFREDO PÉREZ RUBALCABA

(Este real decreto publícase tendo en conta a corrección de erros publicada no BOE núm. 94, do 19-4-2007.)

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8180 *REAL DECRETO 398/2007, do 23 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 20/2005, do 14 de novembro, sobre a creación do Rexistro de contratos de seguro de cobertura de falecemento.* («BOE» 94, do 19-4-2007.)

A Lei 20/2005, do 14 de novembro, sobre a creación do Rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento, crea o citado rexistro de natureza pública, dependente do Ministerio de Xustiza, e cuxa xestión centralizada se levará no Rexistro xeral de actos de derradeira vontade da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

A finalidade deste rexistro é dar a coñecer se unha persoa falecida estaba asegurada cun seguro de cobertura de falecemento, xa que en moitas ocasións, por des-

coñecemento dos beneficiarios destes seguros, se deixaban de percibir as cantidades correspondentes e, en consecuencia, víase frustrado o cobramento de cantidades que lexitimamente correspondían a determinadas persoas. De aí, por tanto, a función social do rexistro que se crea.

Así mesmo, considerouse que o citado rexistro debería estar integrado no Rexistro de actos de derradeira vontade, que é un rexistro único para todo o territorio nacional, aproveitando deste modo a súa existencia, infraestrutura, e a súa experiencia, que se remonta a finais do século XIX, cun resultado práctico moi positivo.

A integración deste rexistro no de derradeiras vontades foi prevista na lei que o crea. O falecemento dunha persoa será o punto inicial para poder realizar a consulta ao rexistro, para os efectos de saber se esa persoa tiña contratado un determinado seguro desas características.

Neste senso, quen realiza a consulta deberá presentar o certificado de defunción da persoa respecto da cal se quere coñecer a información, e o rexistro emitirá unha certificación onde consten, cando for o caso, os seguros que correspondan. Desta maneira, o interesado poderá acudir ás compañías aseguradoras correspondentes para coñecer se é beneficiario ou non do seguro.

Para tal fin, as entidades aseguradoras estarán obrigadas a comunicar os datos correspondentes a este rexistro, para a súa constancia nel.

Neste real decreto regúlanse diversos aspectos que permiten a efectiva posta en marcha do Rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento.

En primeiro lugar, contémpanse os aspectos relativos á comunicación e envío de información por parte das entidades aseguradoras dos datos dos contratos de seguros que se encontren en vigor e que estean dentro do ámbito de aplicación da propia lei. Así, concréntanse os datos necesarios que se deben fornecer, os prazos para as remisións, tanto as iniciais como as sucesivas, ben como os procedementos telemáticos da remisión da información, que están desenvolvidos nos correspondentes anexos do real decreto.

Por outra parte, regúlanse as cuestións concernentes ao procedemento de solicitude e expedición de certificados polo rexistro.

Tamén se regulan de maneira pormenorizada os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, en relación cos datos incluídos no rexistro.

En relación coa aplicación das normas de protección de datos, a xurisprudencia do Tribunal Supremo veu diferenciando, desde a súa sentenza do 5 de xuño de 2004, as figuras do responsable do ficheiro e do responsable do tratamento. O primeiro deles é quen decide a creación do ficheiro e a súa aplicación, ben como a súa finalidade, contido e uso; o segundo é o suxeito a que cabe imputar as decisións sobre as concretas actividades dun determinado tratamento de datos, isto é, sobre unha aplicación específica.

Neste caso, xunto á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, na súa condición de responsable do ficheiro, coexisten as propias entidades obrigadas ao fornecemento da información ao rexistro, que responderán da súa exactitude e integridade e perante as cales os afectados poderán exercer os seus dereitos de rectificación e oposición, dado que o Rexistro non pode, por si só, proceder a modificar os datos a que se refire esa solicitude, ao derivaren directamente do vínculo contractual existente entre as entidades e os asegurados.

Tamén se establecen os mecanismos para a remisión da información por parte do rexistro á Dirección Xeral de Seguros e Fondo de Pensións, ben como o tratamento das incidencias significativas de erros e deficiencias, para

dar cumprimento ao artigo 9 da Lei 20/2005, do 14 de novembro.

Neste real decreto regúlase e desenvólvese o mandado da Lei 20/2005, do 14 de novembro, que obriga os notarios que vaian autorizar unha escritura de adjudicación ou partilla de herdanza a incorporaren nela o certificado do rexistro de seguros do causante falecido, para así favorecer ese coñecemento que pretende a lei dos seguros existentes. Se existe algún seguro con cobertura de falecemento, os notarios deberán advertir os interesados da transcendencia xurídica disto. Establécese para isto un procedemento de solicitude telemática por parte do notario ao rexistro, especificándose nos anexos do real decreto os pasos a seguir.

Este real decreto tamén establece o sistema da autoliquidación das taxas, ben como os modelos de solicitude de certificacións do Rexistro xeral de actos de derradeira vontade, do Rexistro central de penados e rebeldes e do Rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento.

Por último, o real decreto incorpora unha serie de anexos que fan posible o funcionamento do rexistro, fundamentalmente desde o punto de vista da utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

Desta forma, o real decreto desenvolve de forma detallada os aspectos técnicos, de procedemento e xurídicos necesarios para o funcionamento do rexistro.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza e de Economía e Facenda, co informe da Axencia Española de Protección de Datos, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e despois de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de marzo de 2007,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da norma.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as disposicións de desenvolvemento da Lei 20/2005, do 14 de novembro, sobre a creación do Rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento, que permitan a efectiva posta en marcha e o funcionamento do Rexistro de contratos de seguro de cobertura de falecemento.

Artigo 2. *Xestión do Rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento.*

1. O Rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento en que se inscribirán os datos dos contratos de seguro a que se refire o artigo 4 da Lei 20/2005, do 14 de novembro, levarase baixo a dependencia do Ministerio de Xustiza, e a súa xestión centralizada levarase baixo a dependencia do Rexistro xeral de actos de derradeira vontade da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado que terá a condición de responsable do ficheiro, para efectos do previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. Para os efectos previstos na citada Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, as entidades aseguradoras serán responsables do tratamento consistente na comunicación de datos ao Rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento, respondendo directamente ante os interesados das omisións e erros producidos nela, sen prexuízo da responsabilidade administrativa que lles puiden corresponder, en particular en materia de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 3. *Inclusión no Rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento dos seguros en que o beneficiario sexa unha persoa xurídica e dos seguros en que non resulta posible a identificación dos asegurados até se producir o falecemento.*

1. Aqueles seguros de vida ou accidentes en que, encontrándose dentro do ámbito de aplicación da Lei 20/2005, do 14 de novembro, o beneficiario designado sexa unha persoa xurídica, deberanse incluír no rexistro nas mesmas condicións que o resto de seguros a que a lei resulta de aplicación.

2. No caso de seguros en que polas súas peculiares características non resulte posible a identificación dos asegurados até se producir o falecemento, as entidades aseguradoras deberán remitir ao rexistro os datos a que se refire o artigo 6 deste real decreto logo que teñan coñecemento da identidade do asegurado. Para estes efectos entenderase que a entidade aseguradora ten coñecemento da identidade do asegurado cando teña recibido a declaración de sinistro.

Entenderanse incluídos neste suposto os seguros colectivos en que os asegurados non se identifican nominativamente senón de forma xeral pola súa pertenza ao colectivo asegurado, conforme o procedemento acordado polas partes no contrato de seguro.

Non terán a consideración de seguros en que non resulta posible a identificación do asegurado até o seu falecemento os contratos de seguros vinculados a tarxetas de crédito, con excepción daqueles en que a condición de asegurado derive exclusivamente de calquera operación aboada mediante a citada tarxeta.

Artigo 4. *Obrigacións dos notarios.*

1. De conformidade coa disposición adicional quinta da Lei 20/2005, do 14 de novembro, os notarios que sexan requiridos para autorizar actos de adjudicación ou partilla de bens adquiridos por herdanza, salvo que os interesados presenten o certificado correspondente do rexistro obxecto desta norma, deberán solicitarlo telematicamente conforme o seguinte procedemento:

a) O notario realizará a solicitude a través do sistema de información corporativo do Consello Xeral do Notariado, o cal estará debidamente conectado telematicamente co Rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento, mediante procedementos seguros e exclusivos. O notario exixiralles aos interesados a presentación do preceptivo certificado de defunción antes de realizar a solicitude e, para os efectos do rexistro, unha vez realizada esta, entenderase xa cumprido ese requisito.

b) A identificación do notario realizarase utilizando o certificado electrónico recoñecido, previsto no artigo 108 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

c) O certificado do rexistro expedirase mediante a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos, e nel a sinatura manuscrita do titular do rexistro, ou funcionario encargado que corresponda, será substituída por un código de verificación ou sinatura electrónica.

d) Obtido o certificado do rexistro, o notario procederá, baixo a súa fe pública, conforme a lexislación notarial, ao seu traslado a soporte papel para o incorporar á correspondente escritura pública. Naqueles supostos en que non sexa posible a súa incorporación á correspondente escritura pública, por non chegar esta a se outorgar, o notario entregará aos interesados o soporte papel en que se trasladase baixo a súa fe pública a certificación electrónica do rexistro.

e) Producida a xeración da taxa pola solicitude do certificado do rexistro prevista na disposición adicional sétima da Lei 20/2005, do 14 de novembro, o notario pro-

cederá a efectuar o cargo correspondente na conta identificada polo solicitante e o correlativo aboamento para a Administración, e emitirá o comprobante do seu pagamento, todo o cal se poderá realizar polos procedementos telemáticos establecidos na alínea a), sen prexuízo do seu pagamento anticipado a través da institución notarial correspondente. O notario incorporará á escritura o traslado a soporte papel do certificado electrónico de pagamento, caso de ter sido emitido, que terá efectos de carta de pagamento.

Cando por motivos técnicos o pagamento só se puiden realizar de forma presencial, o notario incorporará na escritura a correspondente carta de pagamento.

2. A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, mediante a correspondente instrución, determinará os requisitos, características e especificacións técnicas dos procedementos seguros e exclusivos de interconexión, a estrutura, contido e formato das mensaxes de intercambio e dos certificados telemáticos a que alude o número anterior.

3. Para efectos do disposto na disposición adicional quinta da Lei 20/2005, do 14 de novembro, o notario, no caso de que do certificado do Rexistro se desprenda a existencia dalgún seguro con cobertura de falecemento, fará as advertencias legais correspondentes e, en particular, informará os interesados do disposto pola normativa reguladora do contrato de seguro en relación coa designación de beneficiario e, en particular, no primeiro parágrafo do artigo 88 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, co fin de os interesados coñeceren que a existencia do contrato de seguro non presupón a existencia de ningún dereito a favor dos herdeiros nin implica a obriga de integrar as prestacións que puideren derivar do contrato de seguro nos bens hereditarios.

CAPÍTULO II

Obrigación de inscrición e fornecemento de información

Artigo 5. *Obrigación de inscrición.*

1. As entidades aseguradoras que celebren ou celebren contratos de seguros a que se refire o artigo 4 da Lei 20/2005, do 14 de novembro, e sempre que se encontren en vigor, teñen o deber de comunicar ao rexistro os datos que se especifican no artigo 6 deste real decreto, coa periodicidade establecida no citado artigo e na disposición transitoria única e mediante o procedemento que se recolle no anexo I.

2. As entidades aseguradoras deberán comunicar ao rexistro, nos termos, co contido e na forma que se establecen no artigo 8 deste real decreto e no seu anexo I, que a prestación derivada dun determinado contrato que figura no rexistro foi satisfeita.

3. As entidades aseguradoras responden directamente ante os interesados das omisións e erros na comunicación de datos ao Rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento, sen prexuízo da sanción administrativa que se lles poida impor.

Artigo 6. *Remisión de datos polas entidades aseguradoras.*

1. A comunicación de datos polas entidades aseguradoras comprenderá respecto a cada asegurado:

a) Nome e apelidos da persoa asegurada.

b) Número do documento nacional de identidade, número de identificación fiscal ou número do documento acreditativo de identidade que en cada caso corresponda.

c) E número do contrato ou, se for o caso, referencia ao regulamento de prestacións da mutualidade de previsión social e tipo de cobertura.

Todo isto de acordo coas especificacións contidas nos anexos I e II.

2. As entidades aseguradoras procederán á actualización de datos, remitindo semanalmente información de altas, modificacións e baixas de contratos, incluíndo a mesma información sinalada no número anterior.

Artigo 7. *Normas comúns á remisión de datos e á súa actualización.*

1. Para efectos do previsto no artigo 6, enténdese por cesamento da vixencia do seguro a extinción do contrato, incluídas a rescisión e a resolución.

2. Deberanse incluír, en todo caso, os datos relativos a aqueles asegurados respecto dos cales se dilixenciase a solicitude de seguro ou se emitise proposición de seguro aceptada polo tomador, reflectíndose as datas de efecto e finalización dun ou outro documento.

3. Nos supostos de contratos prorrogables ou de falta de pagamento das primas fraccionadas, non poderá ser comunicada a baixa do contrato en canto non se exercese o dereito a se opor á prórroga deste, ou non fose extinguido ou resolto o contrato, respectivamente, nos supostos e coas formalidades previstas na Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.

Artigo 8. *Información relativa aos contratos cuxas prestacións foron satisfeitas.*

Para a cancelación dos datos relativos a contratos de seguro contidos no rexistro, as entidades aseguradoras comunicarán coa periodicidade prevista no artigo 6 aqueles contratos de seguro sobre os cales se satisfixo o pagamento dunha prestación que dese lugar á extinción do contrato, considerando como tal, para estes efectos, o rescate total do seguro de vida.

A comunicación realizarase de acordo co procedemento previsto no anexo I.

Artigo 9. *Procedemento telemático de remisión da información.*

A remisión da información ao rexistro realizarase mediante os procedementos, formatos e modelos que se conteñen nos anexos I e II.

O funcionamento do rexistro axustarase ao previsto no Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, que regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado.

Artigo 10. *Melloras nos procedementos, formatos e modelos.*

Por resolución da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado poderase acordar a realización de melloras nos procedementos, formatos e modelos que se recollen nos anexos deste real decreto cando estean motivadas por avances tecnolóxicos ou cambios na normativa aplicable, logo de comunicación con anticipación suficiente á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, e en canto non se opoñan á Lei 20/2005, do 14 de novembro, e ás súas normas regulamentarias de desenvolvemento.

As melloras serán comunicadas pola Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado coa suficiente anticipación ás entidades aseguradoras que deban subministrar información ao rexistro.

CAPÍTULO III

Cancelación de datos do rexistro

Artigo 11. *Cancelación de datos do rexistro.*

A cancelación dos datos dos contratos que figuran no rexistro axustarase ás seguintes regras:

1.^a O órgano encargado da xestión do rexistro cancelará os datos relativos a aqueles contratos contidos no rexistro respecto dos cales as entidades aseguradoras comunicasen que se satisfixo o pagamento dunha prestación que dá lugar á extinción do contrato, inmediatamente despois da recepción desa comunicación. En consecuencia, os datos deses contratos non figurarán no certificado que puider emitir o rexistro.

2.^a Naqueles supostos en que se produza o cesamento da vixencia dun contrato incluído no rexistro, conforme o disposto polo artigo 7.1, os seus datos manteranse dispoñibles no rexistro durante cinco anos, contados desde a data en que se produciu o cesamento da vixencia. Para estes efectos, no certificado que puider emitir o rexistro unicamente figurarán os datos dos contratos en que a data de defunción do asegurado se encontre entre as datas de inicio e cesamento da vixencia do contrato.

En canto a entidade aseguradora non comunique a data de cesamento da vixencia, para os efectos da información a subministrar polo rexistro entenderase que o contrato segue en vigor.

3.^a Naqueles contratos en que non concorran as circunstancias previstas nas regras 1 e 2 anteriores, conforme o previsto no artigo 6.3 da lei, o prazo durante o cal estarán os seus datos dispoñibles no rexistro será de cinco anos, contados a partir do décimo quinto día seguinte ao da data de defunción.

CAPÍTULO IV

Procedemento de solicitude e expedición de certificados do rexistro

Artigo 12. *Solicitude de certificado.*

1. A solicitude de certificado efectuarase por petición de calquera persoa interesada en obter información acerca de se unha persoa falecida tiña contratado un seguro para o caso de falecemento e a entidade aseguradora con que estea subscrito. O interese en coñecer esta información presúmese en quen solicita a certificación do rexistro.

A solicitude realizarase de acordo co modelo que figura no anexo III.2 deste real decreto, ao cal se xuntará o certificado literal de defunción da persoa respecto da cal se quere obter o certificado.

2. A solicitude de certificado, de acordo co disposto polo artigo 6.2 da Lei 20/2005, do 14 de novembro, soamente se poderá presentar unha vez que transcorresen quince días hábiles desde a data de defunción da persoa respecto da cal se quere efectuar a consulta. A acreditación desta circunstancia será realizada polo solicitante, no momento de presentar a solicitude, mediante a presentación do correspondente certificado de defunción.

Para efectos do disposto neste número presumirase que existe interese na obtención do certificado de defunción en quen o solicite co obxecto da súa achega para a obtención da certificación do rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento.

No suposto da solicitude realizada polos notarios ao abeiro do previsto na disposición adicional quinta da Lei 20/2005, do 14 de novembro, observarase o procedemento

mento establecido no artigo 4 e no anexo IV deste real decreto.

3. En caso de que a solicitude non conteña algún dos datos ou documentos indicados no número anterior, o encargado do rexistro requirirá o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa solicitude.

Artigo 13. *Expedición de certificado polo rexistro.*

1. No prazo máximo de sete días hábiles desde a data da presentación da solicitude, o rexistro expedirá un certificado en que conste en que contratos vixentes figuraba como asegurada a persoa falecida e con que entidade aseguradora están subscritos. En caso de que a persoa falecida non figure no Rexistro como asegurada en ningún contrato, farase constar este particular no certificado que se emita.

2. Se despois da emisión dun certificado e durante o prazo máximo de tres meses o rexistro tiver coñecemento de novos datos que non constaban no emitido, emitirase de oficio un novo certificado rectificativo que anule e substitúa os anteriores que se puideren ter emitido e no cal se fará constar expresamente a rectificación.

3. Os certificados estenderanse nos modelos que se conteñen no anexo III.

4. Nos certificados expedidos non aparecerán os datos daqueles contratos que non conteñan o documento identificativo do asegurado.

CAPÍTULO V

Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición

Artigo 14. *Exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.*

Os asegurados poderán exercer ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, en relación cos seus datos incluídos no rexistro.

O exercicio destes dereitos poderase efectuar en calquera momento, sendo enteiramente diferente do dereito de terceiros a obteren certificación do contido do rexistro, previsto nos artigos 6 da Lei 20/2005, do 14 de novembro, e 11 deste real decreto.

Os requisitos para o exercicio dos dereitos serán os establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e as súas normas de desenvolvemento.

Artigo 15. *Dereito de acceso do asegurado aos seus propios datos.*

Cando o asegurado exerza o dereito de acceso, despois da acreditación da súa identidade, deberáselle facilitar no prazo dun mes, contado desde a presentación da solicitude, a totalidade dos datos que se refiran a el e que consten no rexistro, coa desagregación a que se refire o artigo 5.2 da Lei 20/2005, do 14 de novembro.

Artigo 16. *Dereitos de rectificación e cancelación.*

1. No caso de que os datos do rexistro sexan inexactos, incorrectos, inadecuados ou excesivos, o asegurado poderá exercer os dereitos de rectificación e cancelación previstos no artigo 16 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Estes dereitos exerceranse ante a entidade aseguradora correspondente, na súa condición de responsable do

tratamento, presentando a documentación acreditativa da rectificación ou cancelación solicitada.

2. En virtude do artigo 4 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, o responsable do tratamento deberá notificar a rectificación ou cancelación efectuada á Dirección Xeral dos Rexistros e o Notariado. Esta comunicación realizarase segundo o procedemento establecido para o efecto no anexo I.1.

Se os interesados pretenderen exercer o seu dereito ante o propio rexistro, este facilitaralles os datos identificativos da entidade aseguradora correspondente, co fin de poderen exercer o seu dereito ante ela.

3. A Axencia Española de Protección de Datos comunicará á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado os procedementos de tutela dos dereitos de rectificación e cancelación en relación co rexistro, co fin de que se faga constar no rexistro a existencia do procedemento.

O certificado expedido polo rexistro non incluírá os datos respecto dos cales se estea a tramitar o procedemento a que se refire o parágrafo anterior, sen prexuízo da súa inclusión, se é o caso, no certificado rectificativo previsto no número 2 do artigo 13 deste real decreto.

Así mesmo, a Axencia Española de Protección de Datos comunicará á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado as resolucións ditadas nos procedementos a que se refire o parágrafo anterior.

CAPÍTULO VI

Comunicación de incidencias á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións

Artigo 17. *Comunicación de incidencias á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.*

Para efectos do disposto no artigo 9.1 da Lei 20/2005, do 14 de novembro, o órgano encargado da xestión do rexistro remitirá semanalmente á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, mediante os procedementos que se recollen no anexo I, unha relación das incidencias significativas que se puideren producir no cumprimento desta obriga, segundo o formato descrito no número 3 do anexo II.

Consideraranse incidencias significativas as deficiencias e erros no envío da información pola entidade aseguradora previstos no anexo, sempre que non fosen emendadas ou corrixidas conforme o indicado nos citados anexos.

CAPÍTULO VII

Liquidación da taxa por expedición do certificado do Rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento

Artigo 18. *Forma de liquidación da taxa por expedición do certificado do Rexistro.*

A taxa pola expedición do certificado do Rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento por instancia dos interesados, creada pola disposición adicional sétima da Lei 20/2005, do 14 de novembro, será autoliquidada polo suxeito pasivo. O seu ingreso efectuarase nos termos previstos na Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 4 de xuño de 1998, modificada pola Orde do 11 de decembro de 2001, utilizándose o modelo 790 de ingreso que figura no anexo V deste real decreto.

Disposición transitoria única. *Carga inicial de datos.*

1. Con carácter previo á primeira remisión de datos, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste real decreto e nos termos previstos no

punto quinto do anexo I, as compañías aseguradas deberán remitir á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado os datos identificativos das persoas autorizadas para a remisión de información ao rexistro.

2. A primeira remisión de datos, correspondentes á nova produción de seguros de vida ou accidentes non vinculados a tarxetas de crédito celebrados desde o 15 de maio de 2006, efectuarase no prazo máximo de 45 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación deste real decreto, seguindo o procedemento descrito no anexo I.

3. A remisión de datos correspondentes á carteira de seguros de vida ou accidentes non vinculados a tarxetas de crédito existentes o 15 de maio de 2006, efectuarase non máis tarde do 15 de maio de 2007, seguindo o procedemento descrito no anexo I.

4. A remisión de datos correspondentes a contratos de seguros de vida ou accidentes vinculados a tarxetas de crédito efectuarase no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, seguindo o procedemento descrito no anexo I.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Decreto 1034/1959, do 18 de xuño, polo que se valida e regula a exacción das taxas administrativas do Ministerio de Xustiza.*

O Decreto 1034/1959, do 18 de xuño, polo que se valida e regula a exacción das taxas administrativas do Ministerio de Xustiza queda modificado como segue:

Un. O artigo 8 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 8. *Liquidación e recadación.*

As taxas pola expedición por instancia dos interesados do certificado do Rexistro central de penados e rebeldes e do certificado do Rexistro xeral de actos de derradeira vontade serán autoliquidadas polo suxeito pasivo. O seu ingreso efectuarase nos termos previstos na Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 4 de xuño de 1998, modificada pola Orde do 11 de decembro de 2001, utilizándose o modelo 790 de ingreso que figura no anexo V do Real decreto que desenvolve a Lei 20/2005, do 14 de novembro, sobre a creación do Rexistro de contratos de seguro de cobertura de falecemento.

A solicitude de expedición dos certificados realizarase utilizando o exemplar "para a Administración", do referido documento validado de ingreso 790.»

Dous. O artigo 9 queda suprimido.

Disposición derradeira segunda. *Actualización dos anexos.*

Os anexos deste real decreto actualizaranse mediante orde do ministro de Xustiza.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» salvo a disposición transitoria única, que entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Dado en Madrid o 23 de marzo de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXOS

ANEXO I

Procedementos

1. *Procedemento xeral de remisión da información ao rexistro*

A inscrición, modificación e baixa dos datos dos asegurados realizaranse por medio de procedementos telemáticos a través da aplicación informática desenvolvida para a xestión do rexistro.

O intercambio de información entre as empresas aseguradoras e a aplicación xestora do rexistro seguirá os esquemas definidos no anexo II.

Tendo en conta que poden existir empresas que non poidan implementar a solución tecnolóxica do anexo III, dispórase dun acceso á aplicación en <https://mjusticia.es/RESEVIAseguradoras>, a través do cal se poderán anexar os documentos correspondentes, debidamente asinados e co formato exixido neste real decreto.

Para garantir a autenticidade e integridade dos datos transmitidos usaranse mecanismos de sinatura dixital baseados en certificados x.509 v3 ou na tecnoloxía que a substitúa e se lles comunique ás empresas.

A sinatura dixital realizarase mediante algoritmo de sinatura SHA1 con RSA, en formato PKCS#7 (CMS Cryptographic Message Syntax) e codificado en BASE64, ou na tecnoloxía que a substitúa e se lles comunique ás empresas.

Para garantir a confidencialidade dos datos durante a súa transmisión usaranse protocolos de transporte seguros.

As remisións de datos realizaranse con periodicidade semanal, e incluírán altas, modificacións e baixas dos contratos acontecidas desde a última transmisión válida.

Cada entidade aseguradora procurará realizar as remisións de datos sempre o mesmo día da semana.

2. *Procedemento particular para a carga da carteira de contratos e contratos vinculados a tarxetas de crédito*

Tendo en conta o gran volume de datos para transmitir ao sistema, establécense dous medios alternativos de envío:

1) Mediante o procedemento xeral, limitando o tamaño das transmisións de datos:

Por esta vía telemática realizaranse as transmisións de datos de acordo co procedemento xeral pero establecendo un límite para estas de 1 MB, necesitando as empresas aseguradoras, por tanto, fragmentar a mensaxe total a transmitir.

Por razóns operativas, e para os efectos de evitar envíos masivos de datos na terminación dos prazos, as entidades aseguradoras levaranos a cabo, se non o tiveren realizado antes, en relación aos correspondentes á carteira de contratos ao longo do prazo dos dous meses anteriores ao 15 de maio de 2007.

Por razóns operativas, e para os efectos de evitar envíos masivos de datos na terminación dos prazos, as entidades aseguradoras levaranos a cabo, se non o tiveren realizado antes, en relación aos correspondentes aos contratos vinculados a tarxetas de crédito ao longo dos dous meses finais do prazo establecido no número 4 da disposición transitoria única deste real decreto.

2) Mediante o envío da información en CD ou DVD:

Esta vía de remisión de datos implica o rexistro do citado soporte óptico no Rexistro Xeral do Ministerio de Xustiza situado na rúa San Bernardo número 45, con entrada pola rúa Manzana número 2, acompañado de

escrito dirixido ao director da División de Informática e Tecnoloxías da Información.

Como aviso de recepción recibírase unha copia selada do anterior escrito.

